

## ANUNCIO

O Alcalde en funcións o día 18-04-2023 ditou a seguinte resolución con número 202/2023:

### “RESOLUCIÓN

**ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA PARA A SELECCIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS (PEL 2023)**

EXPEDIENTE: 2023/G003/000229

### ANTECEDENTES:

De acordo co establecido nas Bases da convocatoria para a selección con carácter laboral temporal por concurso-oposición de **4 prazas de peóns de obra e servizos mínimos** para o concello de Melide, modalidade de contrato de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dentro do Programa de Integración Laboral mediante a contratación de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-concellos 2023 (BOP núm. 13 do 19 de xaneiro de 2023), aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 05/04/2023

Logo de ver a certificación da responsable do Rexistro Xeral de entrada e saída de documentos do Concello de Melide de data 17/04/2023 en relación coas solicitudes presentadas para participar na convocatoria.

Logo de ver o informe técnico favorable de data 17/04/2023 de asunto: informe para a aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as en relación á documentación presentada polos aspirantes a 4 prazas de peóns de obra e servizos mínimos para o concello de Melide, dentro do Programa de Integración Laboral mediante a contratación de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-concellos 2023 (BOP núm. 13 do 19 de xaneiro de 2023).

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a seguinte listaxe de admitidos e excluídos que queda aprobada definitivamente para as probas que darán lugar a devandita contratación.

### ADMITIDOS:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI
1	CESÁREO ADÁN VAL	***8591**
2	ANTONIO CARREIRA LÓPEZ	***8666**
3	ALFONSO QUINTELA SÁNCHEZ	***7354**
4	JOSÉ ANTONIO VARELA ARIAS	***8354**
5	LUÍS LÓPEZ LÓPEZ	***8352**
6	FERNANDO SEGADE MATO	***6379**
7	FERNANDO SEOANE VARELA	***1970**
8	JULIO FUCIÑOS SEGADE	***8557**

### EXCLUÍDOS: NINGUÉN

**SEGUNDO:** Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con Ref.: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do tribunal ou comisión seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- **PRESIDENTE:** Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide). Suplente: M<sup>a</sup> Teresa Buján Mosquera (Interventora, Concello de Melide).

- **SECRETARIO/A:** José Luís Cordido Vázquez (Encargado Edificio Multiusos, Concello de Melide). Suplente: M<sup>a</sup> del Mar Guardo Bande (administrativo, Concello de Melide).

- **VOGAIS:**

\* Juan Manuel Cardelle Segade (ordenanza, Concello de Melide). Suplente: M<sup>a</sup> Jesús Sande Vázquez (Directora escola infantil, Concello de Melide)

\* Juan Carlos Curros Vázquez (Alguacil, Concello de Melide). Suplente: M<sup>a</sup> José Rodríguez Gómez (ATS, Concello de Melide).

\* Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide). suplente: suplente: Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa de Lalín).

Os/as aspirantes deberán presentarse nas dependencias do Concello de Melide en chamamento único o **xoves 20 de abril ás 10.00 horas na nave de obras sito no recinto feiral do Concello de Melide.**

**TERCEIRO:** Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da casa do Concello, na sede electrónica e na páxina web.

Ordeno e asino en Melide, luns 17 de abril de 2023. Asdo: O alcalde en funcións / José Antonio Prado García. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, martes 18 de abril de 2023. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.